

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Secretaría

Bases do Concurso de Fungos 2018

ANUNCIO

A concelleira-delegada da Área de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, ditou a resolución número 1422/2018, do 15 de outubro, que é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

O domingo 28 de outubro, celébrase a XXIX Feira de Fungos e dentro dos actos enmarcados para a feira, convócase o concurso de Concurso de Fungos 2018. Para regular a participación neste concurso se elaboraron unhas bases e unha proposta de gasto asinada pola concelleira de cultura.

Con data 11/10/2018 o técnico de xestión emite o informe favorable número 517/2018, relativo ás citadas bases.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando as facultades conferidas pola lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local , R.D.L.781/86 de 18 de abril, pola que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais e demais disposicións aplicables.

RESOLVO:

- 1.º.–Aprobar as seguintes bases do Concurso de Fungos 2018.
- 2.º.–Ordenar a inserción das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia.”

BASES

1.ª. O Concurso de Fungos de As Pontes organízase co desexo de fomentar a afección á micoloxía e ter un coñecemento máis exacto das especies micolóxicas da zona.

2.ª. Para concursar deberán presentarse exemplares dun mínimo de 10 especies distintas de cogomelos silvestres. Os concursantes deberán identificalos e poñer nome nos cogomelos que presenten. Na presentación non se empregarán especies protexidas. Os concursantes deberán ter cando menos 18 anos que acreditarán presentando o DNI. Os concursantes da categoría xuvenil deberán ter entre 18 e 25 anos cumpridos o día da feira. Cada persoa só poderá participar cunha cesta.

3.ª. O xurado estará formado por persoas entendidas na materia que valorarán a clasificación, estado e variedade das especies presentadas. Ademais no premio especial atenderase a presentación e exemplares máis raros.

4.ª. As inscricións poderán realizarse no Dpto. de Cultura antes da feira no telf. 981440344 ou correo cultura@aspon-tes.org ata o venres 26 de outubro ás 12.00 horas (deberán ter confirmación do Dpto. de cultura da inscrición na feira), e o día da feira ata as 10.30 horas. Para a admisión de inscricións terase en conta a adaptación á infraestrutura e xestión da feira, polo que no caso de que o número de participantes sexa superior ás prazas dispoñibles, a selección das cestas participantes farase por orde de inscrición.

5.ª. A presentación a concurso será dende as 09.00h ata as 11.00 horas no Mercado de Abastos das Pontes (Rúa Alexandre Bóveda), a partir desta hora, momento no que o xurado comezará a facer a valoración das cestas, non se admitirán máis participantes.

6.ª. Os concursantes deberán manter a súa exposición particular ata polo menos as 14.00 horas, procedendo seguidamente a retirar os exemplares.

Dende o momento de presentación da cesta ata a total recollida da mesma o concursante será responsable do contido da mesma.

7.^a. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios e as súas decisións serán inapelables. Ante posibles dúbidas na interpretación destas bases prevalecerá o criterio do xurado. A participación neste concurso implica a aceptación das bases.

8.^a. Cada participante non premiado, e que cumpra o establecido nestas bases recibirá un vale por importe de 20 €.

9.^a. Establécense os seguintes premios (podendo declararse deserto algún deles):

1.º premio: 400 €

2.º premio: 200 €

3.º premio: 150 €

4.º premio: 100 €

5.º premio: 75 €

Premio especial xuvenil: 75 €

Premio especial 400 €

10.^a. Os premios estarán suxeitos á retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

Os gañadores daranse a coñecer o mesmo día da feira, unha vez rematado o concurso. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio.

Os premiados deberán presentar a designación bancaria a seu nome asinada pola entidade financeira no rexistro xeral do Concello (ou no rexistro telemático, na sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com>) entre o 30 de outubro e o 1 de decembro). O premio farase efectivo por transferencia bancaria.

As Pontes de García Rodríguez, 16 de outubro de 2018.

A concelleira-delegada de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local

María Montserrat García Chavarría

2018/7693